

Volver polos vellos camiños

Todo regreso dun home a Itaca é outra creación do mundo.

5


En 1947 Cunqueiro abandona Madrid con destino a Mondoñedo. A pesar de que non lamenta deixar tras de si unha truncada carreira como xornalista do réxime, o regreso está tinxido de tristeza: a súa situación económica é precaria e o seu matrimonio atravesará unha crise irreversible. Durante anos atoparase “canso, soio, triste, á nugalla”. Mais, andando o tempo, volverá escribir e retomará o contacto cos amigos de antes da guerra.

Nesta segunda etapa mindoniense, que se estende ata 1961, ano en que se traslada a Vigo para traballar como colaborador fixo en *Faro de Vigo*, publicará moitas das súas páxinas literarias en galego.



Primeira colaboración de Cunqueiro en *Faro de Vigo*

Cunqueiro paseando polas ruelas de Mondoñedo



Cos seus fillos, César e Álvaro, nas feiras das San Lucas, 1950



A finais dos anos corenta retoma as colaboracións na prensa galega



Francisco Fernández del Riego, amigo da infancia e mocidade, será un fachuco de luz no exilio mindoniense e o cicerone que o acompañará no regreso ao galeguismo e á literatura en galego



Tras un longo período sen escribir en galego, en 1950 ve a luz o poemario *Dona do corpo delgado*

Nestes anos autoedita pequenas xoias bibliográficas para distribuír entre os amigos

“Cando volvo a ti, a dozura da terra vaime vindo como un can silenzoso que lambeira o meu peito”.

Primeira elexía

Qué soñada noite ou espada decídeme
Qué outo pino decídeme si eu quixera ser home
arume ou fino corazón chorando

Decídeme simplemente si cada fronte ou medo
inevitábel peito atravesado de terra me recolle descoñecido
Seriamente falando
quero quero volver a pór a miña gorra mariñeira
aquela gorra dos oito anos
cando entre o meu sono i-eu cantaba a luz

[...]

Decídeme si eu quixera ser home
Eu quixera recobrar aquela man de finos dedos nervosos
aquela perna enterrada na area
aquela galeiría con unha fotografía no fondo
aquele reló sin vidro disecado
Quero quero chorar desconsoladamente o meu cabelo castaño escuro
agora que o meu corpo durme na beira mesma dun lago páleto

Decide que agonía traspasada ou carne humán me berra
Coa miña gorra mariñeira dos meus oito anos
eu quero volver a descansar na miña propia cabeza
nas miñas propias mans
Sober dos meus propios pés estaría mirando como
resucitaba

Ti vello vento do Norde
e ti vella cidade amorosa
Anceio cruzarme nas vosas esquiñas
os labios docemente decorados de silenzosas sorrisas
Qué musgo quero romper na miña soma
pra volver a ser paseante de longas zancadas
No espello do armario agárdanme tristes
restos dun rostro amado eternamente
Decide si pode ser novamente aquela voz oída alguna vez.